


O Goberno de España activou descontos de ata o 90% para facilitar á mocidade de entre 18 e 30 anos viaxar en transporte público este verán, tanto por España como por Europa.

As rebaixas aplicaranse nos billetes sinxelos e de ida e volta dos trens e dos autobuses de titularidade estatal e dos pases Interrail que teñan data para **viaxar entre o 15 de xuño e o 15 de setembro de 2023**.

**Como funciona?**
Para beneficiarte debes rexistrarte, polo menos, 24 horas antes de realizar a primeira compra para comprobar que se cumpren os requisitos de elixibilidade.
Tras o rexistro, obterás un código que se debe proporcionar á empresa operadora á hora de adquirir o billete para o desconto.
As empresas poñerán en marcha a venda dos billetes con descontos a medida que vaian adaptando os seus sistemas. Máis información nas páxinas web e canles habituais dos operadores.

**Requisitos**
Nacer entre o 1 de xaneiro de 1993 e o 31 de decembro de 2005. Se cumpres os 18 anos despois de verán tamén podes beneficiarte dos descontos.
Ter nacionalidade española.
Nacionalidade dalgún país da UE con residencia legal en España

**Descontos**

- Servizos ferroviarios de media distancia convencional e ancho métrico: rebaixa do 90% do prezo dos billetes sinxelos e de ida e volta.
- Avant: desconto do 50% nos billetes sinxelos e de ida e volta.
- Servizos comerciais ou alta velocidade de todos os operadores ferroviarios: rebaixa do 50% do prezo do billete, cun máximo de 30 euros por billete.
- Servizos de autobús regular de competencia estatal: desconto do 90% do prezo do billete sinxelo e o de ida e volta.
- Desconto do 50% do Global Flexible de Interrail de 10 días en 2 meses, cando se comercialice a través de Renfe.

https://veranojoven.mitma.gob.es/